

## **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 26 DE ABRIL DE 2018**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:10 minutos do día 26 de abril de 2018 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D<sup>a</sup> Magdalena Ron Villar e Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Dona Juana Romero García excusa a súa asistencia.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta da sesión plenaria celebrada o día 22 de febreiro de 2018.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación de dita acta.

Realizada votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **2.- RECTIFICACIÓN INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS**

A instancias do Alcalde, o Secretario da conta da seguinte proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos:

#### **INVENTARIO MUNICIPAL DE BIENES INMUEBLES**

#### **EDIFICACIÓN Nº 19**

#### **NAVE SERVICIOS MÚLTIPLES**

NOMBRE: Nave servicios múltiples

NATURALEZA DEL INMUEBLE: Servicio público

SITUACIÓN:

Polígono de Matela I. Parcela SIPS 31 (ref. catastral parcela 4645858PH1744N0001FQ)

#### CARACTERÍSTICAS EDIFICATORIAS:

Superficie útil: 258,31 m<sup>2</sup>; Superficie construída: 271,95 m<sup>2</sup>.

Número de plantas: Uno.

Proxecto redactado pola arquitecta Susana Copa Villar en Maio de 2016.

ESTADO DE CONSERVACIÓN: ano de construción: 2015, ampliada en el año 2016.

CARGAS: libre de cargas.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Contrato administrativo de obra pública. Acuerdos Xunta de Goberno Local de 13/8/2015 e 18/8/2016.

#### SITUACIÓN REGISTRAL:

Registro da Propiedade: Finca 9082, tomo 1087, libro 81.

Padrón Catastral da parcela: 4645858PH1744N0001FQ

#### VIAL Nº 31

#### OUTEIRO DE REI

NOME: Viales interiores Polígono Inoxidables de Rábade.

NATURALEZA DO INMOBLE: Uso público Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN: Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN DE PRESCRIPCIÓN INDUSTRIAL INOXIDABLES DE RÁBADE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros: Sin Asignación ó tratarse dos viais do polígono.

SUPERFICIE: 9594 m<sup>2</sup>.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: pavimentación asfáltica según proxecto de urbanización.

CARGAS: libre de cargas y gravámenes.

#### TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Cesión obligatoria e gratuíta, documentada en proxecto de reparcelación aprobado mediante Decreto de 28 de abril de 2017.

#### SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11832, tomo 1189, libro 109, folio 39

VIAL Nº 67

FRANCOS

NOME: camiño en Francos

NATUREZA DO INMOBLE: Uso público Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN: Parroquia de Francos

DESCRIPCIÓN:

Se trata de un tramo de camiño asfaltado de unha superficie aproximada de 12.500 m<sup>2</sup>, con un eixo principal norte-sur, do que derivan tres ramales ao leste, discorrendo íntegramente polo polígono 28.

REF. CATASTRAL: Se identifica como Polígono 28 Parcela 9003, si bien incluye igualmente un ramal actualmente no catastrado que discorriría por la parcela 167 del polígono 28, desde su linde norte en dirección suroeste, até dar servizo á vivanda sita sobor a parcela 165.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial.

PORCIÓN VIAL Nº 189

MARTUL

NOME: PORCIÓN VIAL EN MARTUL – MARTUL

NATUREZA DO INMOBLE: Uso público Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN: Parroquia: MARTUL

Núcleo/lugar: MARTUL

Lindeiros: Norte coa parcela 52 de Jesús–Manuel Lourés Pérez; ao Sur coa parcela 49 de Josefa Burgo Fernández; ao Leste coa finca matriz (pol 59, parcela 51) e ao Oeste con camiño.

SUPERFICIE: 35 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 3 de novembro de 2.017.

SITUACIÓN REXISTRAL Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 190

SAN MARTIN DE GUILLAR

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN SAN MARTIÑO –SAN MARTIN DE GUILLAR

NATUREZA DO INMOBLE: Uso público Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN: Parroquia: SAN MARTIN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: SAN MARTIÑO

- A) Lindeiros: Norte parcela 235, Sur parcela 264, Este coa finca matriz, Oeste con camiño. SUPERFICIE: 88 m<sup>2</sup>
- B) Lindeiros: Norte parcela 235, Sur e Oeste coa finca matriz, Este camiño. SUPERFICIE: 15 m<sup>2</sup>
- C) Lindeiros: Norte e Oeste coa finca matriz, Sur coa parcela 000300500PH16G0001GM e Este con camiño. SUPERFICIE: 38 m<sup>2</sup>
- D) Lindeiros: Norte coa finca matriz, Sur con camiño, Este coa parcela 000300500PH16G0001GM e Oeste coa parcela 264. SUPERFICIE: 104 m<sup>2</sup>
- E) Lindeiros: Norte e Oeste coa parcela 263 e coa finca matriz, Sur e Este con camiño. SUPERFICIE: 155 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 19 de outubro de 2.017.

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade: non consta.

PORCIÓN VIAL Nº 191

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CONSTANTE SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE: Uso público Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN: Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: CONSTANTE

Lindeiros: Norte coa finca matriz (pol 79, parcela 291); Sur, camiño; Leste, de Luís Souto Cabeza; e Oeste, camiño de servizo.

SUPERFICIE: 218 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 8 de setembro de 2017

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade da finca matriz: Finca 10561, Folio 127, Tomo1123, Libro 92

#### PORCIÓN VIAL Nº 192

##### GAIOSO

NOME: PORCIÓN VIAL EN XUEUS – GAIOSO.

NATUREZA DO INMOBLE: Uso público Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN: Parroquia: GAIOSO

Núcleo/lugar: XUEUS

Lindeiros: Norte coa finca matriz (pol 31, parcela 1306); sur, estrada (9001); Leste, con leira de Manuel Parga Expósito (parcela 1307); e Oeste con leira de Dona María Teresa Pernás Arias (parcela 1211).

SUPERFICIE: 56 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 20 de xullo de 2017.

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade: non consta

#### PORCIÓN VIAL Nº 193

##### BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN BOUZAS – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE: Uso público Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN: Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BOUZAS

Lindeiros: Linda: Norte, coa finca matríz; Sur, camiño; Leste, parcela 172 de Josefa Folgueira Basanta e ao Oeste, parcela 177 de José Ferreiros López.

SUPERFICIE: 86 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 5 de decembro de 2.017.

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade: non consta

#### FINCA URBANA Nº 17

##### OUTEIRO DE REI

NOMBRE: PARCELA CEIP, CENTRO POLIDEPORTIVO, CASA DE CULTURA, CENTRO CULTURAL E XIMNASIO

NATURALEZA DEL INMUBLE: Servicio público Prescripción: dotacional

SITUACIÓN: Parroquia: OUTEIRO DE REI Núcleo/lugar: SALGUEIROS

Linderos: Norte, parcela 16 en la que parte pertenece a Francisco Javier Meilán Debesa y parcela 02 en la parte que pertenece al Ayuntamiento de Outeiro de Rei; Sur, camino; Este, Carretera N-VI y Oeste, parte de la parcela 02 de Francisco Javier Meilán Devesa.

SUPERFICIE: 13.501 m<sup>2</sup>

CARGAS: Parcialmente AFECTADO A LA PRESTACIÓN DE SERVICIOS EDUCATIVOS POR LA COMUNIDAD AUTONOMA.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: compraventa, de fecha de 24/10/1997 (acuerdo plenario de la misma fecha), y compraventa y permuta a Francisco Javier Meilán Devesa y posterior agrupación, de fecha de 19/12/2017, ante la notaria de Lugo Monserrat Trigo Mayor (núms. protocolo 1686 y 1687).

VALOR ACTUAL: 477.665,38 EUROS.

#### FINCA URBANA Nº 22

##### Outeiro DE REI

ANULADA POR DUPLICIDAD CON LA PARCELA 17

#### FINCA URBANA Nº 59

NOME: ZONA VERDE DO POLÍGONO DE PRESCRIPCIÓN INDUSTRIAL “INOXIDABLES DE RÁBADE”.

NATUREZA DO INMOBLE: Ben de Natureza demanial Prescripción: dominio público adscrito ao uso público

SITUACIÓN: Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL DE PRESCRIPCIÓN INDUSTRIAL “INOXIDABLES DE RÁBADE – OUTEIRO DE REI.

Lindeiros:

Norte: en parte coa zoa rotacional e en parte coa pista; Sur: camiño, Este: camiño; Oeste: con pista.

SUPERFICIE: 8.350 ms/2.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN: Cesión obligatoria e gratuíta, documentada en proxecto de reparcelación aprobado mediante Decreto de 28 de abril de 2017.

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade: Finca 11833, tomo 1189, libro 109, folio 40.

#### FINCA URBANA Nº 60

NOME: ZONA DOTACIONAL DO POLÍGONO DE PRESCRIPCIÓN INDUSTRIAL “INOXIDABLES DE RÁBADE”.

NATUREZA DO INMOBLE: Ben de Natureza demanial Prescripción: dominio público adscrito ao servizo público

SITUACIÓN: Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL DE PRESCRIPCIÓN INDUSTRIAL “INOXIDABLES DE RÁBADE – OUTEIRO DE REI.

Lindeiros: Norte: camiño; Sur e Este: zoa verde; Oeste: con pista.

SUPERFICIE: 3.288 ms/2.

TÍTULO DE AQUISICIÓN: Cesión obligatoria e gratuíta, documentada en proxecto de reparcelación aprobado mediante Decreto de 28 de abril de 2017.

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade: Finca 11834, tomo 1189, libro 109, folio 41.

## FINCA URBANA Nº 61

NOME: PARCELA INDUSTRIAL DO POLÍGONO DE PRESCRIPCIÓN INDUSTRIAL “INOXIDABLES DE RÁBADE”.

NATUREZA DO INMOBLE: Ben de natureza patrimonial Prescripción: industrial

SITUACIÓN: Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: PLAN PARCIAL DE PRESCRIPCIÓN INDUSTRIAL “INOXIDABLES DE RÁBADE – OUTEIRO DE REI.

Lindeiros:

Norte: pista; Sur: camiño e Este: parcela de INOXIDABLES DE RÁBADE S.A.; Oeste: terrenos fuera del polígono, de propiedade de don José María Castro Vázquez y más de INOXIDABLES DE RÁBADE S.A.

SUPERFICIE: 6.167 ms/2.

CARGAS: libre de cargas y gravámenes.

TÍTULO DE AQUISICIÓN: Cesión obligatoria e gratuíta, documentada en proxecto de parcelación aprobado mediante Decreto de 28 de abril de 2017.

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade: Finca 11833, tomo 1189, libro 109, folio 40”

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e catro abstencións.

### **3.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI**

O Alcalde asume a defensa da seguinte proposta de regulamento:

“Fronte a un modelo urbanístico exclusivamente baseado no fenómeno da expansión urbana, a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, na línea marcada polos diferentes convenios internacionais, fai unha aposta pola rehabilitación e rexeneración urbana, a



fin a de acadar asentamentos poboacionais máis sostibles. A rehabilitación e rexeneración urbana precisa de instrumentos técnicos que permitan ás Administracións lograr que os propietarios cumpran as súas obrigas de manter os predios en condicións de seguridade e salubridade. O cumprimento de este deber é imprescindible, non soamente para manter un parque de vivendas digno, senón para evitar molestias ou situacións de risco para as persoas ou os bens que, en última instancia, deprecian a convivencia e habitabilidade dos núcleos tradicionais. Se ben a disciplina urbanística na meirande parte dos casos acada este obxectivo a través das ordes de execución e, mesmo, do exercizo da potestade sancionadora, en determinadas circunstancias, tales coma o abandono xurídico do ben, a súa titularidade descoñecida ou a pertenza a comunidades hereditarias ou entidades xurídicas nas que falla unha vontade ou capacidade de inversión (pénsese nunha sociedade sen actividade ou en liquidación), obrigan a por en marcha mecanismos alternativos, tales como a venda forzosa do ben. Por tal motivo, e a fin de desenvolver as previsións legais contidas na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a aprobación da seguinte:

## ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

### TÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

#### Artigo 1º

A presente ordenanza ten por obxecto a creación do Rexistro Municipal de Solares do Concello de Outeiro de Rei como instrumento orientado á rehabilitación e rexeneración urbana, así como regular a súa organización e funcionamento

#### Artigo 2º

O Rexistro Municipal de ten a consideración de Rexistro Administrativo de carácter público, e está constituído por todos aqueles inmobles, xa sexan solares ou edificios, que fosen previamente incluídos no mesmo mediante resolución administrativa para o efecto.

#### Artigo 3º

O ámbito de aplicación do Rexistro Municipal de Solares abarca a todos os inmobles incluídos no termo municipal de Outeiro de Rei.

### TÍTULO II.- DO REXISTRO DE SOLARES

#### Artigo 4º

Son susceptibles de inclusión no Rexistro Municipal de Solares os inmobles que se achen nos seguintes supostos:

##### 1.- Solares:

a.- Os solares cuxos propietarios, solicitando licenza de obras, incumpran os

prazos de iniciación, conclusión e non interrupción da construción establecidos na propia licenza ou, na súa falta, o establecido na lexislación urbanística aplicable. A caducidade da licenza será declarada previa audiencia do interesado.

b.- Aqueles solares cuxos propietarios, recibindo orde de execución da edificación, deixen transcorrer un ano sen solicitar a preceptiva licenza.

c.- Solares que adquiran tal condición como consecuencia da destrución dun edificio catalogado, mediando incumprimento por parte do seu propietario do deber normal de conservación, cando a Administración non opte pola súa expropiación.

d.- Aqueles solares cuxos propietarios houberen incumplido a oportuna orde de execución de actuacións para garantir as condicións de seguridade, salubridade e ornato público, incluíndo ordes de limpeza ou de xestión da biomasa vexetal.

## 2.- Edificios:

a.- Aqueles respecto dos que se incumpra a obrigaón de efectuar obras de conservación e rehabilitación derivada dunha orde de execución.

b.- Os edificios en ruína.

## Artigo 5º

A inclusión no Rexistro efectuarase de oficio ou a instancias de calquera interesado, e efectuarase mediante acordo motivado que deberá incluír, polo menos, aqueles datos urbanísticos, catastrais e rexistrais que permitan unha identificación inequívoca e o máis completa posible tanto do inmovible obxecto da inclusión como dos seus posibles propietarios.

Con carácter previo á inclusión dun inmovible no Rexistro de Solares deberá constarse a ineficacia das medidas de execución forzosa das oportunas ordes de execución, edificación ou rehabilitación.

Consideraranse ineficaces as medidas de execución forzosa nos seguintes supostos:

1. Si se impuxeron dúas multas coercitivas sen que os propietarios cumprisen satisfactoriamente os seus deberes urbanísticos.

2. Se o Concello carece de consignación orzamentaria adecuada e suficiente para acometer a execución subsidiaria da orde de execución urbanística, demolición, edificación ou rehabilitación.

3. Se non se puiden practicar a notificación da orde de execución e esta se practique mediante anuncios no TEU sen que o interesado houbera comparecido no expediente, sempre que se advirta previa e expresamente no anuncio acerca da inclusión do inmovible no Rexistro de Solares.

4. Si se trata de un ben patrimonial de unha Administración Pública ou entidade dependente e incumpriu a orde de execución debidamente notificada.

#### Artigo 6º

A inscrición no Rexistro Municipal de Solares habilitará ao Concello para tramitar a venda forzosa do inmovible nos termos establecidos na lexislación do chan de Galicia.

A venda forzosa do inmovible efectuarase mediante poxa pública a tramitar mediante procedemento aberto abreviado.

O pago ao propietario do prezo obtido compensarase, total ou parcialmente, con cargo ao importe das sancións ou multas coercitivas firmes en vía administrativa e impostas por razón do incumprimento dos deberes e cargas urbanísticas que recaen sobre o inmovible, así como con cargo aos custos administrativos e tributarios, de valoración e de tramitación e inscrición no rexistro da propiedade.

Transcorridos os prazos previstos na lexislación urbanística de Galicia sen que se perfeccione a venda forzosa do inmovible, a inscrición no Rexistro de Solares quedará sen efectos, e non se poderá volver practicar a inscrición senón unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a súa caducidade.

### TÍTULO III.- DO LIBRO REXISTRO

#### Artigo 7

O Libro Rexistro é o soporte documental no que quedan inscritos todos os inmovibles incluídos no Rexistro.

As certificacións que dos seus datos expídanse terán a consideración de documento público para todos os efectos administrativos, con valor probatorio.

O Rexistro de Solares depende da Secretaría do Concello.

#### Artigo 8º

O Libro Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar constará de dúas seccións:

- a.- Sección de solares.
- b.- Sección de edificios.

#### Artigo 9º

As Seccións confeccionaranse con arranxo ás seguintes regras:

1.- Corresponde ao Alcalde o órgano en quen delegue acordar a inscrición de inmovibles no rexistro, así como a modificación ou cancelación dos correspondentes asentos.

2.- Tanto os solares como os edificios para rehabilitar numeraranse correlativamente por orde de inscrición.

3.- A transcripción dos datos correspondentes a cada leira inscrita no Rexistro efectuarase mecanicamente. Efectuada a folia será legalizada coa firma electrónica do Secretario do Concello e do Alcalde.

#### Artigo 10º

De conformidade co previsto na vixente normativa sobre réxime local, ao Alcalde ou Concelleiro en quen delegue correspóndelle o exercicio das seguintes atribucións en relación co Libro Rexistro Municipal de Solares:

1.- Incoar o procedemento de inclusión no Rexistro.

2.- Acordar a inclusión no Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar.

3.- A modificación ou cancelación de asentos.

4.- O visto e praxe de cada unha das follas do Libro Rexistro.

5.- O visto e praxe das certificacións que soliciten os interesados ou se expidan de oficio para a súa remisión ao Rexistro da Propiedade.

6.- As demais que lle atribúan as leis, de conformidade co disposto no artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### Artigo 11º

O Libro Rexistro Municipal de Solares expresará respecto de cada edificio ou solar as circunstancias seguintes:

a) Situación, extensión e lindeiros da leira.

b) Identidade e domicilio do propietario.

c) Referencia catastral e datos de inscrición no Rexistro da Propiedade.

d) Cargas, gravames e situacións xurídicas inscritas no Rexistro da Propiedade, con identificación dos seus titulares.

e) Arrendatarios e ocupantes do inmovible

f) Datos administrativos:

✓ Número de expediente, orde de edificación e prórrogas concedidas

✓ Declaración de situación legal de ruína/orde de execución incumprida /declaración de incumprimento de deberes urbanísticos o Orde de inclusión

✓ Motivo da inclusión, outras resolucións administrativas que lle afecten,

cancelación e motivo da cancelación.

g) As determinacións dos instrumentos de plan urbanístico aplicables, que figurarán na correspondente cédula urbanística.

h) A valoración do inmovible.

#### Artigo 12º

Ordenada a inclusión do inmovible por resolución do órgano municipal competente e notificada esta a os interesados procederase de oficio a practicar o asento de inscrición no Libro Rexistro Municipal de Solares.

#### Artigo 13º

Unha vez emendadas definitivamente as circunstancias que motivaron a inclusión dun inmovible no Rexistro poderá procederse, de oficio a instancia do interesado, á cancelación da inclusión do mesmo. Dita cancelación deberá acordarse mediante Resolución municipal debidamente motivada e cos mesmos requisitos esixidos na presente Ordenanza para a inclusión.

Se por calquera circunstancia producíse un erro na inclusión dun inmovible no Rexistro, a Administración de oficio ou a instancia de calquera interesado, procederá á cancelación da inclusión na forma establecida no parágrafo anterior, facendo constar expresamente o erro na Resolución que se dite.

Das Resolucións de cancelación, sexa cal for o motivo destas, darase oportuno traslado ao Rexistro da Propiedade para o seu coñecemento e efectos mediante certificación expedida polo Secretario do Concello.

### TÍTULO IV.- DA PUBLICIDADE E ACCESO AO REXISTRO

#### Artigo 14º

O Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar ostenta a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterse en condicións de pública consulta, a disposición de calquera cidadán, sen que para ese efecto resulte esixible acreditar a condición de interesado.

#### Artigo 15º

De conformidade co disposto no artigo 137 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, a orde de inclusión de inmovibles no Rexistro Municipal de Solares notificarase ao Rexistro da Propiedade, coa finalidade de estender a publicidade rexistral á situación urbanística da leira A tal extremo remitirase ao Rexistro da Propiedade certificado que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordene a inclusión da leira no Rexistro Municipal de Solares, unha vez sexa firme en vía administrativa, facendo constar que se practicaron as notificacións aos titulares rexistrais, así como os datos de inscrición no Rexistro administrativo.

## DISPOSICIÓN FINAL.-Entrada en vigor

A presente Ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo”.

Rematada a defensa da proposta, fai uso da palabra a concelleira do grupo municipal PSdG-PSOE, quen afirma que a ordenanza parécelle necesaria, se ben podería mellarse a súa redacción nalgúns aspectos.

Cita o parágrafo b) do artigo 4º, relativo ao traspaso dos prazos para edificar sen solicitar a correspondente licenza, xa que considera que a orde de execución conleva implícitamente a licenza, ao que resposta o Secretario que éste suposto non se refire a unha orde de execución urbanística, senón nos supostos de solares vacantes de edificación nos que transcurriu o prazo legal de edificar.

Engade a concelleira que podería incluírse a necesidade de acadar a autorización de patrimonio e a tramitación dos expedientes de reposición da legalidade urbanística nos supostos de que o expediente recaía sobor un edificio catalogado. O Secretario resposta que a ordenanza non regula os procedementos para o dictado de ordes de execución, senón a inscrición no rexistro de solares, e que o cumprimento da lexislación sectorial na tramitación de esos procedementos se presume.

A concelleira expresa que dúas multas coercitivas parécenlle poucas.

O Alcalde comparte esta opinión, e propón que se aumente a tres multas coercitivas.

A concelleira propón citar na ordenanza os artigos da Lei e do regulamento da Lei do solo.

O Secretario informa que existen unhas normas de técnica normativa que desaconsellan a cita de artigos nos textos regulamentarios, xa que unha modificación sobrevida dos textos de rango superior implicarían un desfase de estas citas e, a postre, unha merma da seguridade xurídica e claridade do texto normativo.

O concelleiro do BNG, Xavier Molinos, considera acertada a ordenanza unha vez elevado a tres o número de multas coercitivas mínimo, e aplaude que se propoña a súa aprobación.

Non obstante, sorpréndelle que a Alcaldía, que presume de ser non intervencionista, presente esta proposición, e sobre todo cando no anterior pleno rexeitou unha actuación semellante.

Preocúpalle cómo se vai aplicar a ordenanza, se se vai a aplicar obxectivamente e sen distincións.

Tamén preocúpalle a incidencia na súa aplicación da cantidade de erros que existen no catastro sobor a titularidade dos bens, e que esixe que dende o concello sexan moi cautelosos na indagación dos propietarios das edificacións.

A voceira de FLI está de acordo coa proposta, xa que está na línea dos intereses dos veciños do concello.

O Alcalde resposta que esta ordenanza non é intervencionista, xa que intervencionista é quen pretende dicir á sociedade o que ten que facer e cómo, mentres que esta ordenanza únicamente pretende acadar solucións en aqueles supostos nos que o abandono das edificacións pode supoñer un risco e os propietarios non atenden aos requerimentos municipais para que realicen por sí mesmos as obras imprescindibles.

O concelleiro do BNG recórdalle que a Lei 2/2016, que agora se pretende desenvolver é a mesma que prevé a redacción dos Plans Xerais.

Remata anunciando que votarán a favor, que lle sorprende que o PP, que é o partido dos mestres do “vai facendo”, presente esta proposición, e anima ao Alcalde que sega por esta vía e que sega a cumprir a lei iniciando a formulación do Plan Xeral.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación do regulamento coa modificación relativa ao número de multas coercitivas previas (3).

Rematada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO 1398**

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Xosé Ferreiro, asume a defensa da moción presentada no rexistro de entrada con data de abril de 2018 e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte moción:

**PARA QUE O CONCELLO ELABORE LISTA DE EMPRESAS DE OUTEIRO DE REI PARA QUE POIDAN OPTAR ÁS CONTRATACIÓNS QUE POIDAN XURDIR NO CONCELLO**

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

Resulta unha realidade perfectamente demostrable que a gran maioría de obras e servizos que xorden no concello de Outeiro de Rei o fan unhas empresas moi determinadas, sempre as mesmas e movéndose nun número moi reducido delas.

Tamén resulta comprobable que a maioría destas contratacións a estas empresas se fan ben por adxudicacións "a dedo" ou ben polo chamada método de "negociado sen

publicidade", que non é máis que outra denominación eufemística de contratacións "a carta", coa única diferenza neste caso de que as cantidades da obra ou servizo superan as cantidades máximas para os contratos directos e polo tanto non se poden asignar polo método da decisión discrecional do Alcalde.

No concello de Outeiro de Rei, así como no conxunto da comarca, existen moitas máis empresas de todos estes sectores que tamén teñen necesidade de ter carga de traballo, empresas que moitas delas aguantararo todos estes anos con moitas dificultades, e as que ter algún tipo de carga de traballo asignada polo concello lles podería dar un respiro que lles podería axudar a subsistir ou a recuperarse de todos estes anos de crise.

Ademais de todo isto, tamén é unha cuestión de xustiza, pois todas as empresas pagan os seus impostos co que tamén todas teñen dereito a poder acceder a este tipo de traballo ou servizos que demanda o concello.

É mais, a transparencia e limpeza das adxudicacións e licitacións dun concello, xunto coa limpeza dos procesos de selección de persoal, son os mellares indicadores da saúde democrática dun concello. Dende o BNG non temos ningunha dúbida cando afirmamos que tanto nunha cuestión como na outra este goberno municipal suspende estrepitosamente.

A inclusión de todas estas empresas que agora non poden participar á hora de adxudicar estas obras e/ou servizos, non só sería un forma de repartir o gasto do concello para que se beneficiara un maior número de empresas, senón que tamén podería servir para que estas obras ou servizos tiveran un menor custe para o concello, pois é ben sabido que se a oferta aumenta, tamén o fai a competencia, co que a consecuencia máis lóxica sería que os prezos baixan dun xeito considerable.

Tamén par ece lóxico e razoable que a igualdade de traballo e orzamento, estas adxudicacións recaesen en emprsas do propio concello ou, no caso de non habelas, da comarca. Dado que non parece de moita legalidade que se beneficie dun xeito directo ás empresas polo feito de ser de Outeiro, o que si se podería fa cer, sen dúbida, e ter eiaborada unha lista con todas as empresas do concello, ordenada por sectores de actividade, empresas que serían notificadas inmediatamente e na súa totalidade no caso de existir calquera tipo de licitación no concello para que puideran concorrer, aviso que por suposto se sumarían a toda a publicidade necesaria e que esixe a lei para que calquera empresa do país puidera concorrer aos contratos existentes.

Por todo a exposto con anterioridade, e como no BNG eremos que o concello debe actuar sempre coa máxima transparencia, claridade e xustiza, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:



O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal a que elabora un listado de empresas do concello para que estas sexan notificadas inmediatamente cando exista unha posible licitación dunha obra ou servizo para que estas poidan concorrer se están interesadas, sexa cal sexa o sistema de adxudicación que se utilice”.

A voceira de FLI manifesta o seu apoio á moción, xa que todo o mundo coñece que neste concello os contratos se otorgan sempre ás mesmas empresas con ánimo claramente partidario.

Engade que neste concello se infrinxen os principios de igualdade e obxectividade sistemáticamente, e que dá conta de este incumprimento da lexislación contractual os recoñecementos extraxudiciais de crédito, nos que afloran as facturas derivadas de contratos ilegais.

O Alcalde resposta que non soamente non está de acordo, senón que chega tarde coa moción, coma case sempre, xa que recentemente entrou en vigor unha nova lei de contratos que suprime o procedemento negociado e reduce os importes do contrato menor.

Tamén chámalle a atención que nas Administracións gobernadas polo BGN, sexa legal tramitar o procedemento negociado ou o contrato menor, e si se aplican nas Administracións gobernadas polo PP, están dando os contratos aos amigos. Isto non é serio.

A día de hoxe suprimiuse o procedemento negociado sen publicidade, así que tódalas contratacións por riva de certo importe deben tramitarse como procedemento aberto con publicación no portal de contratación do sector público que é unha publicidade a nivel nacional, así que xa non se poden restrinxir as invitacións ás empresas que proveñan de un ámbito territorial determinado.

Pero ademáis, a lexislación prohíbe dar tratos de favor as empresas por razón da residencia. De feito, neste concello, non soamente se invitaba ás empresas do concello, senón tamén a empresas de fora. E calquer empresa de Outeiro pode dirixirse ao concello para ofertar os seus produtos, e o concello pode adxudicarlle contratos cando os necesite e sempre que cumpran os parámetros axeitados de calidade e prezo e recaía dentro do umbral do contrato menor.

De feito, gustaríalle poder ter algún marxe de actuación para favorecer ás empresas de Outeiro de Rei, e en tal sentido consultoulle ao Secretario en máis de unha ocasión, ao que o Secretario sempre respostou tallantemente que non.

Polo tanto, a moción é un brindis ao sol, e que non pretende senón sembrar dúbidas.

O Concello o que ten que facer é tramitar os procedementos según dí a lei, e contratar os servizos que necesite do xeito máis áxil posible e coa meirande calidade e o menor prezo posible, e isto é o que ven facendo o concello dende fai anos.

Por último, o recoñecemento extraxudicial nada ten que ver coa tramitación dos expedientes de contratación, senón co feito de que se esgotan as partidas orzamentarias, ou que as facturas entran no rexistro de facturas no exercizo natural seguinte a aquel no que se produxo a prestación. Por iso a tramitación dos expedientes extraxudiciais son moi frecuentes en tódalas administracións públicas.

E como a moción propón actuacións que non permite a lei, e o concello cumpre estrictamente a lexislación contractual, non pode apoiar a moción.

O voceiro do BNG recoñece que pode que chegue tarde, xa que os empresarios que se beneficiaron todo este tempo xa levan algo posto. Non obstante, advirte que no debate se están a confundir as churras coas merinas, xa que non se propón que se discriminen as empresas por ser de unha procedencia determinada, senón que se avise ás empresas para que concurran, o que non está prohibido en ningunha parte. E pode ser casualidade, pero os empresarios que se levan aquí a meirande parte dos contratos, logo poden verse de apoderados do PP nas eleccións.

E se o BNG trae aquí esta moción, é porque autónomos e pequenos empresarios quéixanse de que neste concello non hai xeito de poder licitar.

E recorda que se houbera unha competencia de verdade, podería facerse o mesmo con menos cartos, xa que se un empresario sabe que, pase o que pase, él vai levarse o contrato, non fará esforzo algún en ofertar prezos competitivos.

Conclúe que non están propoñendo infrinxir a lei nin discriminar a ningún, senón informar ás empresas municipais das licitacións en curso para que podan licitar.

A voceira de FLI insiste en que o recoñecemento extraxudicial de crédito ten moito que ver co incumprimento da lexislación contractual, e pon coma exemplo a factura de 7000 euros de CGI que presentou a empresa ao marxe do procedemento contractual correspondente.

O Alcalde considera que isto está totalmente ao marxe da moción, xa que esa factura correspóndese a un servizo complementario de outro principal (a recadación voluntaria), que foi adxudicado en procedemento aberto.

Recorda que son decenas as empresas que traballan para este concello, e nos contratos de obras tramitados por procedemento negociado invítase a totalidade das empresas do concello, e os contratos adxudícanse con criterios totalmente obxectivos.

Por iso non aceptan a quenes venden carnets de ética, e máxime cando quenes os venden alí onde gobernan tramitan os expedientes de licitación exactamente con arreglo aos mesmos procedementos contractuais e previstos na lei.

Tacha de incongruente que, cando se adxudican contratos a empresas de Outeiro, se afirme que se dan aos amigos do Alcalde, e cando se adxudican a empresas de fora, critican que o concello envía cartos para empresas foráneas en perxuízo das de Outeiro.

Rematado o debate, sométese a votación a moción.

Rematada a votación, a moción resulta rexeitada con catro votos a favor, e sete en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

## **5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO 1399**

O voceiro do grupo municipal do BNG, don Xosé Ferreiro, asume a defensa da moción presentada no rexistro de entrada con data de 20 de abril de 2018 e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

**MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO ASUMA OS GASTOS DAS OBRAS DAS REDES DE SANEAMENTO QUE SE ESTÁN A CONSTRUIR**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Neste mes .de febreiro véñese se aprobar o Plan Único da Deputación, sistema de reparto dos fondos da Deputación para os concellos promovido polo BNG e no que se usan exclusivamente criterios obxectivos para calcular o que lle corresponde a cada concello.

Por este sistema, ao concello de Outeiro de Rei correspóndelle unha cantidade que supera amplamente os 300.000 euros, dos cales cando menos a metade terán que ir obrigatoriamente destinados a investimento real.

En calquera caso, os investimentos nas redes de saneamento poderían imputarse na súa totalidade a este plan, xa que compren todos os requisitos esixidos pola Deputación, podendo construír con estes fondos un bo número de quilómetros de rede.

Polo que veñen transmitido veciños e veciñas do barrio de Penelas, na parroquia de Robra, e anteriormente os da parroquia de Astariz, o concello ofreceulles a posibilidade de engancharse ao sistema de saneamento que están planificando ou construíndo, previo pago da parte que lles puidera corresponder do custe das obras, custe por vivenda que en todos os casos ronda ou supera os 1.000 euros.

Hai que ter en conta que neste momento tan só as urbanizacións existentes no concello e na propia vila de Outeiro contan con este servizo, servizo para o que estes

usuarios non tiveron que pagar, como é lóxico, estas cantidades, cinguíndose ao pago de taxa de enganche á rede.

Para o BNG, esta forma de actuar por parte do Concello é totalmente inadmisíble, dado que un concello non debe dedicarse a facer servizos básicos repartindo o custe entre os usuarios como se dunha empresa privada se tratase. Todos e todas as cidadás pagamos impostas polo que temos que ter unhas contraprestacións por parte das administracións, contraprestacións ou servizos nas que debemos ser tratadas e tratados por igual, sen discriminacións, sobre todo cando se trata da administración que está máis preto da cidadanía como é o concello.

Resulta unha evidencia que no concello de Outeiro nunca se dan investido todos os cartos cos que canta no seu orzamento, acumulándose remanentes de forma continuada. Tamén é unha evidencia que nivel impositivo a base de impostas municipais non fixo máis que aumentar nos últimos anos, recadándose máis cartos cada ano por esta vía.

Foi por esas razóns así como pola extrema necesidade destes servizo que existe en moitos dos nosos barrios e parroquias, polo que o BNG xa ten presentado iniciativas para que o Concello elaborara un plan financiado con fondos propios e con achegas doutras administracións para que dun xeito gradual se fose dotando a todos os núcleos de poboación do concello con este servizo básico e moi demandado pola cidadanía, iniciativas sempre rexeitadas polo Alcalde.

Agora, ademais de seguir a demandar este plan global, tamén demandamos que non selles sobre estas cantidades á veciñanza, que dada a situación dramática na que se atopan moitas destas familias, este cobro convértese nunha chantaxe ou nunha incautación debido a que existe un aproveitamento por parte do Concello dunha situación de necesidade.

Ademais disto, tamén parece que é unha necesidade que selle devolvan os cartos xa cobrados a todas estas veciñas e veciños, pois o concello debe dar exemplo e cando comete un erro deste calibre ten que rectificar.

Por todo o exposto con anterioridade, e como no BNG estamos convencidos que é imprescindible que Outeiro de Rei conte con este servizo, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal a que utilizando fondos propios, ou con achegas doutras administracións, se financie a ampliación da rede de saneamento ás zonas rurais do concello da seguinte forma:

-Financiar a construción da rede de saneamento no barrio de Penelas, na parroquia de Robra, e na parroquia de Astariz, devolvéndolles as cantidades que tiveran pagadas as veciñas e veciños, se fora o caso.

-Ampliar a rede actual de saneamento a outros núcleos de poboación utilizando para elo criterios obxectivos para determinar as prioridades”.

Rematada a defensa da moción, intervén a voceira de PSdG-PSOE, quen respalda a proposta de que esta obra se acometa con cargo ao Plan Único da Deputación Provincial.

A voceira de FLI apoia a moción, e recorda que presentaron dentro do seu programa a mellora da rede de saneamento e a redución do cánon de enganche, que é o máis caro de toda España e non está ao alcance do peto de tódolos veciños.

Considera que o Alcalde debe plantexarse cáles son os intereses dos veciños de Outeiro, xa que non invirte nos servizos básicos namentres pide subvencións para obras faraónicas prescindibles.

O Alcalde resposta que si en algo se distingue este concello é no nivel dos servizos, que está a altura de calquer concello do entorno, incluído a capitalidade da provincia, cuxa parroquias teñen un nivel de servizos moi inferior.

Recorda que o Concello, con cartos públicos, fixo o colector principal do que agora se están a construír os ramales.

En relación á proposta de que se financie con cargo ao Plan Único, recorda aos concelleiros do BNG que apoiaron durante oito anos a un Presidente da Deputación socialista que, nun exemplo de sectarismo e arbitrariedade, outorgaba a este Concello anualmente de orde de 25.000 euros. Polo tanto, fronte aos 340.000 actuais que lle corresponden co Plan Único, existe un desfase durante esos oito anos de máis de 2.400.000 euros aproximadamente, os cales poderían adicarse parcialmente a saneamento e a moitas outras obras.

Por outra banda, non é certo que o Concello asumira os custes de execución das obras de saneamento das urbanizacións, xa que a execución do servizo de saneamento corría por conta do promotor e, en última instancia, dos propietarios finais do solo.

En relación ao importe das aportacións dos veciños para a execución do saneamento, se ben é unha cantidade importante, é o único xeito de que se podan acometer gradualmente as obras debido á importancia dos investimentos a realizar.

O que se propón nesta moción é unha proposta imposible, xa que executar o saneamento a tódalas parroquias, aínda aportando os veciños 1000 euros cada un, sería absolutamente imposible, debido ao custe que ten a inversión precisa e que excede en moito de 1000 euros por veciño. Non se pode enganar aos veciños de este xeito.

Rexeita a oposición que manifestan os concelleiros da oposición á execución de infraestruturas deportivas, coma o centro de seguridade de Robra, xa que os veciños do Concello tamén precisan de instalacións e actividades de ocio e deporte, e a existencia de estos servizos é imprescindible para crecer como estamos a crecer.

O voceiro do BNG nega a insuficiencia da facenda municipal para afrontar os custes de implantación do servizo de saneamento, e recorda o enorme remanente de crédito que ten o Concello e que excedo do millón de euros.

Tamén insiste na diferenza de trato que dispensa o concello aos veciños das diferentes parroquias para afrontar as obras de saneamento, xa que nas urbanizacións non pagaron 1000 euros e no núcleo de Outeiro de Rei tampouco.

Prevé que en Robra, dentro duns anos e a 1000 euros por veciño, a execución do saneamento será todo un negocio para o concello, e non hai máis que ver os números.

Insiste en que pagar 1200 euros polo enganche de auga é unha barbaridade, do mesmo xeito que é unha barbaridade pagar 1000 euros polo acceso ao servizo de saneamento.

O que debe facerse é planificar a implantación do servizo de saneamento a todo o concello e financiarlo con cartos públicos, xa que non se entende cómo non se fai tendo o concello cartos de sobra para elo.

A voceira de FLI afirma que si este concello medrou non foi pola xestión do equipo de goberno, senón porque xurdiron unha serie de urbanizacións nas proximidades de Lugo, urbanizacións que, por outra banda, teñen moitas deficiencias, coma no servizo de auga ou coma na Palloza.

Desminte que estean en contra das instalacións deportivas, pero considera que debe priorizarse, xa que o Alcalde afirma que non hai cartos para un servizo tan básico coma o saneamento namentres invirte máis de douscentos mil euros nunha pista de Karts.

O Alcalde enumera as instalacións deportivas que se executaron recentemente, coma o circuito de seguridade vial e deportes de motor, os dous campos de fútbol ou a pista polideportiva en Guillar, porque considera que son beneficiosas para o concello e, de feito, nos últimos anos pasouse de 4000 habitantes a máis de 5000, mentres que outros concellos semellantes descenderon aos 3000 habitantes, e iso a pesares da actuación da Deputación e de manter unha situación económica saneada.

Polo tanto, considera que están a traballar na línea correcta, e así o refrendaron os veciños até o momento.

É certo que o enganche de auga é custoso, e que lle gustaría rebaixalo ou suprimilo, se ben debe ser realista, e o concello ten que financiar os servizos. O que non é certo é que haxa xente que non poida acceder á auga polo seu importe, xa que non é a primeira vez aue, ao tempo que se xira a liquidación, os servizos sociais emite informe e se lle outorga unha axuda social polo mesmo importe para garantir o seu acceso ao servizo.

Afirma que se ben o saneamento é un servizo importante e prioritario, tamén o é que en tódolos concellos, tamén nos que gobernan eles e nos que non prestan o servizo.

Négase a facer un programa a medio prazo porque é pura demagogia, xa que aínda non coñece si estará na vindeira lexislatura, polo que non pode planificar a súa acción de goberno e non está disposto a vende fume.

En resposta á intervención do voceiro do BNG na que éste afirmaba que o concello ía sacar rendemento das aportacións veciñais, desmente isto categoricamente, e afirma que non chega nin de lonxe ao 50%. De feito, se os veciños das diferentes parroquias solicitasen ao concello a execución do saneamento nun curto prazo de tempo aportando 1000 euros por veciño, o Concello non podería facelo nin remotamente debido ao seu elevado custe.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con catro votos a favor e oito en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

Neste intre abandona a sesión a concelleira dona Begoña Seco Varela.

## **6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FLI CON NÚMERO DE REXISTRO 1401**

A voceira do grupo municipal de FLI asume a defensa da moción presentada no rexistro de entrada con data de 20 de abril de 2018 e do seguinte teor literal:

“Mocion que presenta el grupo municipal foro Lugo independiente de Outeiro de Rei para su inclusión en el orden del día del próximo pleno del ayuntamiento, para que en el pleno del mes junio del año en curso se presenten los presupu estos correspondientes a este año 2018 al igual y en la aprobación de los presupuestos de los próximos años se establezca como fecha límite el 31 de diciembre e del año anterior al del ejercicio en que deba de aplicarse. todo ello al amparo de lo establecido por la ley 7/1985, de 02 abril, reguladora de las bases de régimen local y el real decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el reglamento de organización funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, artículo 97.3.-

DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA portavoz y viceportavoz de FLI en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presenta la siguiente MOCIÓN.

### **EXPOSICIÓN MOTIVOS:**

El artículo 162 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, define el presupuesto dentro del ámbito concreto de entidades locales

como el documento en que se materializa y cuantifica el programa de gobierno de su presidente, debiendo de ser éste el principal impulsor en su elaboración como proceso ordenado de debate en el seno del equipo de gobierno y del pleno. La actividad presupuestaria constituye un acto de previsión, y dentro de esta previsión, una previsión normativa de elaboración y aprobación, suponiendo todo esto una idea de equilibrio entre gastos e ingresos tal y como contemplan el resto de articulado de la misma normativa con respecto al ámbito, al contenido, a los anexos, a la estructura, al procedimiento, a la publicidad, aprobación definitiva, entrada en vigor y consiguiente reclamación administrativa, en la cual entra en valor su legitimación y causas.

Ninguna administración como norma general y salvo circunstancias muy excepcionales espera a presentar sus presupuestos correspondientes al año en curso, al final de éste, ya cuando posiblemente, se encuentren agotados, como sucede en este Concello siendo ésta la práctica habitual del actual Gobierno del partido popular . Desde el año 2015 en el que este partido político paso a formar parte de la Corporación Municipal como grupo de la oposición, venimos reclamando al equipo de gobierno que los presupuestos sean expuestos como fecha límite el 31 de diciembre del año anterior al del ejercicio en que deba aplicarse.

A día de hoy a pesar de las constantes reiteraciones, el Concello sigue incumpliendo dicha Ley convirtiendo los presupuestos en un estado de cuentas anuales, como de si de una empresa privada se tratase, presentando los mismos con un retraso superior a los seis meses y dentro del año presupuestario. Lo que implica un grave incumplimiento de la normativa existente en esta materia, a la vez que una total indefensión al resto de grupos municipales y una falta de información a nuestros vecinos considerados a su derecho de conocer donde se invierten sus impuestos.

Por lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Outeiro de Rei el debate y aprobación de la siguiente moción:

“Que los presupuestos correspondientes al año 2018, sean elaborados para ser examinados con la debida antelación al Pleno del mes de Junio del año en curso, en el cual deberán ser debatidos y votada su aprobación, de igual modo, los presupuestos de los venideros años deberán ser expuestos para su aprobación definitiva por el Pleno de la corporación Municipal como fecha límite antes del 31 de Diciembre del año anterior al del ejercicio en que deba aplicarse. Todo ello acorde al cumplimiento del Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales”.



Rematada a defensa da moción, intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, quen recorda que as leis hai que cumprilas, aínda se non son do agrado ou se considera que son inxustas, suposto no que debe loitarse por cambialas a través dos cauces legais. E a Lei dí claramente que os orzamentos teñen que estar aprobados antes do 31 de decembro do exercizo correspondente, e é indiscutible que o Alcalde incumple abertamente e reiteradamente a Lei, a pesar de que podería cumprila perfectamente porque ten experiencia e medios.

O Alcalde resposta que existen unha serie de condicionantes que desaconsellan o cumprimento estricto dos prazos de elaboración do orzamento, xa que a meirande parte do financiamento municipal depende de compromisos de financiamento de outras administracións públicas que non se coñecen senón unha vez iniciado o exercizo natural, coma é o caso do Plan Único ou as achegas da Xunta de Galicia.

A nivel político gustaríalle moito máis dispor do orzamento o día 1 de xaneiro, xa que podería adiantar máis a execución do gasto, pero a realidade do financiamento municipal o impide si se quere facer un orzamento mínimamente operativo.

Por este motivo non pode apoiar a moción, así como polo feito de que os orzamentos se presentarán para a súa aprobación antes do mes de xuño.

A voceira de FLI afirma que o Alcalde non os convence, xa que tras tres anos de legislatura segue sin cumprir a Lei, segue sin presentar os orzamentos en prazo e, unha vez presentados, sen respetalos, tal e como acreditan os sucesivos recoñecementos extraxudiciais de crédito.

O Alcalde lamenta que non quede convencida, pero a realidade é a que é, e por este motivo a totalidade das administracións actúan dun xeito semellante. E isto non é por conveniencia política, xa que a ningún dirixente político lle interesa demorar a aprobación do orzamento porque esto significa ter menos tempo para executalo, pero é que as veces non é posible, e pon coma exemplo que, a día de hoxe, aínda non está aprobado o orzamento do Estado, e o Plan Único todavía non está aprobado.

Por iso, si se quere facer un orzamento un coherente, debe esperarse a dispor dos datos suficientes.

Considera que a voceira de FLI está obsesionada cos recoñecementos extraxudiciais, e afirma que a pouco responsable que un sexa, non se interrumpirá a prestación dun servizo básico polo feito de que o último mes se esgote a partida, e menos cando é imposible cando se formula o orzamento calcular os custes exactos que terá, por exemplo, as reparacións das traídas de auga ou de saneamento ou o mantemento do alumeadado público.

Por todo isto anuncia que non pode apoiar a moción.

A voceira de FLI non comprende porqué, si vai a traer os orzamentos antes de xuño, non apoie a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con catro votos a favor e sete votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

## **7.- ROGOS E PREGUNTAS**

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura ao rogo presentado polo grupo municipal de FLI con data de 20 de abril de 2018 e do seguinte teor literal:

“DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA Y DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR, en su condición de concejales del Grupo Municipal Foro Lugo Independiente, exponen:

Que con motivo de la convocatoria del pleno ordinario a celebrar el día 26 de abril de 2018 en el Ayuntamiento de Otero de Rey, formulan el siguiente ruego.-

Que el actual Equipo de Gobierno del Partido Popular realice todas las gestiones que estén en su mano para que por parte de la Diputación Provincial se incremente la limpieza y cuidado de la vía LU-P-3908 que une la N-VI con puntos como Marcelle-Natureza, presa del Piago, Avifauna y Pena de Rodas, incluso se estudie la posibilidad de que se haga cargo este Concello de la silvicultura en ambos márgenes de la citada carretera por lo menos entre el kilómetro uno y la presa del Piago, dado que consideramos que ello no supondría un desembolso importante y que sería de gran interés para nuestro Concello dado que es el único beneficiado con los ingresos de los visitantes a los citados puntos turísticos, por lo que la dejadez de la citada vía no promociona precisamente la imagen turística de este Concello, sino que, todo lo contrario, más bien la perjudica”.

O Alcalde afirma que está de acordo con que faga esta tarefa a titular da estrada, que é a Deputación Provincial de Lugo, e considera que debe enviarse un escrito en tal sentido.

O que non pode facer o Concello é, enriba do trato que recibiu o concello da Deputación, financiar o mantemento das vías provinciales.

Remata afirmando que as vías provinciales están nunha situación lamentable.

O Secretario da lectura, en viva voz, do rogo presentado por FLI con data de 20 de abril de 2018 e do seguinte teor literal:

DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA Y DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR, en su condición de concejal del Grupo Municipal Foro Lugo Independiente, exponte:

Que con motivo de la convocatoria del pleno ordinario a celebrar el día 26 de abril de 2018 en el Ayuntamiento de Otero de Rey, interesa formular el siguiente ruego:

Que por parte del Equipo de Gobierno, se realicen las gestiones necesarias para que la Empresa adjudicataria de las obras de asfaltado realizadas en el mes de Diciembre de 2017 en la parroquia de San Martín de Guillar, subsane las deficiencias existentes en las calles Luís Vigo Morandeira y calle Alargos paralela a la anterior, en las que se puede observar el deficiente asfaltado de las mismas; concretamente a la altura de la parada de autobús y de los contenedores de basura, donde al segundo día del asfaltado volvieron a aflorar los baches que existían anteriormente con lo cual lo único que se ha hecho es un lavado de cara de las citadas vías, pudiéndose observar también un exceso de gravilla amontonada en los bordes de las mismas haciéndolas peligrosa para la circulación de vehículos, especialmente los de dos ruedas.”

O Alcalde reconece que, efectivamente, por cuestións de xustificación do gasto o asfaltado fíxose a final de tempada e próxima as chuvias, o que explica que se deteriorase o pavimento. Non obstante, as obras teñen un período de garantía de un ano e se arranxará con cargo á garantía.

O Secretario da lectura, en viva voz, do rogo presentado polo grupo municipal do BNG con data de 25 de abril de 2018 e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte ROGO:

#### RESTAURACIÓN DO CRUCEIRO DE S. MARTIÑO

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A conservación do patrimonio debe ser unha prioridade para calquera administración municipal no ámbito das súas competencias. En consecuencia con este principio, os gobernos das institucións municipais tomarán as medidas apropiadas para salvagarda de todos e cada un dos elementos patrimoniais existentes na contorna xeográfica na cal exercen xurisdición.

O coñecido como Cruceiro de S.Martiño está situado a carón da pista que leva á igrexa, desde 1987 no actual emprazamento (coordenadas U.T.M. X=612.650,Y=4.769.830), xa que ata esa data estaba cen matros máis abaixo. Data de 1840 e a día de hoxe está esnaquizado en varios anacos que pousan no chan.

Este cruceiro consta de baseamento de dous chanzos, fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaixadas no resto e que a día de hoxe está fendido pola metade. Tanto o capitel como a cruz están tirados ao pé do baseamento, no primeiro de forma troncopiramidal invertida aparece en dúas caras o ano de realización e na cruz, a pesares dos estragos, aínda se pode ver na intersección dos brazos unha pequena roseta nun círculo.

Tendo en consideración que este cruceiro é de titularidade pública, que figura recollido no inventario de patrimonio histórico artístico que se pode ver na páxina web do concello de Outeiro de Rei, e mesmo no traballo Catálogo de cruceiros da Terra Chá: Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei, realizado polos investigadores José M. Blanco Prado e Fernando Arribas Arias, así como polo interés histórico patrimonial que representa para os veciños e veciñas do concello en xeral, e da parroquia de S. Martiño de Guillar en particular, presentamos o seguinte rogo:

Solicitamos ao goberno municipal, presidido polo señor alcalde, que dispoña o necesario para a restauración do elemento patrimonial coñecido como Cruceiro de S.Martiño, situado na parroquia de Guillar, tendo en conta a urxencia do caso pola situación grave de deterioro que padece”.

O Alcalde afirma que descoñecía o estado de este cruceiro e afirma que, se é do concello, se reparará.

O Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con data de 25 de abril de 2018 e do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Reí, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As empresas madeiras deben ser responsables respecto dos danos que produzan nos bens de dominio público municipal como consecuencia das actividades de extracción de madeira.

Desde o BNG constatamos que se están a producir múltiples danos nas vías de titularidade municipal como consecuencia das operacións de saca de madeira. Os camiós de ditas empresas, as máis das veces, invaden as cunetas para carga-la madeira e cando rematan o traballo deixanas totalmente obstruídas, polo que a auga corre polo pavimento, obstaculizando a circulación e deteriorando o firme. Ademais, moitas veces, amontonan a madeira en terras de propiedade pública.

As empresas madeiras deben facerse cargo dos gastos e traballos necesarios para deixar as pistas nas mesmas condicións nas que estaban antes da súa actuación, ós efectos de evitar graves prexuízos ós veciños e veciñas do concello. O Concello ten que outorgar permisos para facer eses traballos, polo que tamén debe garantir que as vías de titularidade municipal estean en axeitadas condicións esixindo as responsabilidades que legalmente procedan en caso de que se produzan danos nos seus bens de dominio público.

Por iso, desde o BNG facemos as seguintes preguntas:

- Canto recadou o Concello, no que vai de lexislatura, palas taxas que os madeireiristas deben abonar por exercer a súa actividade, consistente normalmente no amontonado de madeira nas pistas municipais e nos terreos de propiedade pública?

- E cantos expedientes se abriron polos danos producidos, e non subsanados, nas vías de titularidade municipal como consecuencia das operacións de saca de madeira?”

O Alcalde resposta que o concello non recadou nada porque non ten establecido taxa por este motivo, xa que é unha fonte de ingresos para os veciños. Outra cousa é que sexa posible que teñan que abrir no seu momento algún expediente para garantir a conservación do viario público.

O Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do PSdG-PSOE con data de 25 de abril de 2018 e do seguinte teor literal:

“Dona María Luisa Meilán Lombao, na súa calidade de voceira do Grupo Municipal do PSOE, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no Vindeiro pleno ordinario que celebre a Corporación, as seguintes PREGUNTAS, ante a proposta de aprobación da Ordenanza reguladora do rexistro de solares do Concello de Outeiro de Rei, amparada polo artigo 137 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1.- Número de expedientes de ruina e de ordes de execución incoados e localización xeográfica.

2.- Número de expedientes de execución forzosa a través do procedemento de multas coercitivas tramitados ata o día de hoxe, cuantía das multas e tempo transcurrido entre a súa imposición.

3.- Existe actualmente algún inmovible que esixa execución subsidiaria por parte do Concello.

O que se lle da traslado ós efectos oportunos en Lugo, a 25 de abril de 2018”.

O Alcalde resposta que existen dous expedientes de ruína, un en Candai e outro na NVI.

Respecto de execucións subsidiarias e ordes de execución, solicita que se aclare o alcance da pregunta, tralo cal a concelleira afirma que o fará para o vindeiro Pleno.

E non habendo máis asuntos, levántase a sesión, sendo as quince horas e cincuenta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde